



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-10

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

22 de Maio de 2023

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:42

Hora de Finalización

11:06

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 04.05.2023 (ACTA 2023/9)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. APROBACION DO PADRON DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO DO EXERCICIO 2023.

Seguidamente pasouse a dar conta do padrón cobratorio da **taxa polo servizo de recollida de lixo** do exercicio de **2023** confeccionado polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios.

Debatido o asunto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. En aplicación do artigo 5º da vixente Ordenanza fiscal da **taxa pola recollida de lixo**, aplicar aos recibos do padrón da taxa do **exercicio de 2023**, o incremento do **IPC** de xaneiro a decembro de **2022**, que segundo o dato oficial do INE, resulta ser do **6,1 %**

2º. Aprobar o padrón cobratorio da **taxa polo servizo de recollida de lixo**, para o presente exercicio de **2023**, nos termos nos que se atopa redactado.

3º. Expor ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.





3º. APROBACION DO PADRON DO IMPOSTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA (IVTM) DO EXERCICIO 2023

Seguidamente pasouse a dar conta do padrón cobratorio do **imposto de vehículos de tracción mecánica** do exercicio de **2023** confeccionado polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios.

Debatido o asunto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º. Aprobar o padrón cobratorio do **imposto de vehículos de tracción mecánica**, para o presente exercicio de **2023**, nos termos nos que se atopa redactado.

2º. Expor ó público o devandito padrón a efectos de reclamacións polos interesados durante o prazo regulamentario.

4º. CONVOCATORIA DE CONCURSO PUBLICO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA A ORGANIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAI E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2023.

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes do Anuncio da Deputación Provincial de Ourense, que no BOP núm. **94**, do **25 de abril de 2023**, publica as Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio **2023**; así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar os proxectos que se presentan e para os que se solicita subvención, a saber:

- **Recuperación "maragato" e "madamas"**, cun orzamento de 1.600,00 euros, para o que se solicita unha subvención de 1.120,00 euros.

- **Magosto popular en Castrelo do Val**, cun orzamento de 1.650,00 euros, para o que se solicita unha subvención de 1.155,00 euros

SEGUNDO. Solicitar á Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento dos proxectos anteriormente sinalados.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

5º CONVOCATORIA POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DO PROGRAMA DE COOPERACION BENOURENSE PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA SAF BASICO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2023

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da publicación no BOP núm. 111, do 16 de maio de **2023**, das Bases reguladoras da convocatoria do Programa de Cooperación SAF Básico para o **exercicio 2023**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto que se presenta e para o cal se solicita subvención, a saber: "SAF Básico municipal".

SEGUNDO. Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento do proxecto anteriormente sinalado.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

6º. CONVOCATORIA POLA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DO PROGRAMA DE COOPERACION BENOURENSE INFANCIA PARA O FINANCIAMENTO DE SERVICIOS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIOS A INFANCIA PARA O EJERCICIO 2023

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da publicación no BOP núm. 111, do 16 de maio de **2023**, das Bases reguladoras da convocatoria do Programa de Cooperación BenOurense Infancia - Servizos complementarios para o **exercicio 2023**, así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto que se presenta e para o cal se solicita subvención, a saber: "Servizo do programa municipal almorzos saudables".

SEGUNDO. Solicitar á Excm. Deputación Provincial de Ourense, ó abeiro da devandita convocatoria o financiamento do proxecto anteriormente sinalado.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.





7º. RESOLUCION DO 20/04/2023 DA SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DA IGUALDADE, E SE PROCEDE Á SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023. (SI435B)

O alcalde dá conta da Resolución do **20 de abril do 2023**, da **Secretaría Xeral de Igualdade** pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais de Galicia para a **promoción da igualdade**, publicada no DOG núm. 87 do 8 de maio de 2023.

Dase conta, tamén, da memoria na que se especifican as actuacións que se realizarán.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a memoria da actividade "**Xogamos, rimos, igualamos**", cun orzamento total de 24.300,00 euros.

SEGUNDO. Solicitar á Secretaría Xeral de Igualdade unha subvención, ao abeiro da resolución de referencia, dentro do Programa do "**Plan corresponsables no ámbito local**" e nas **Bolsas de coidados para desenvolver en dependencias públicas**, de acordo có seguinte:

Custos de persoal e subvención solicitada: 18.029,00 euros.

Custos de coordinación a cargo do concello: _3.710,00 euros.

Total proxecto: 21.739,00 euros.

Para a realización da actividade descrita na memoria anteriormente aprobada e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

TERCEIRO. Facultar de xeito expreso ao Sr. Alcalde, para a sinatura da documentación precisa.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

